

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE E A ASOCIACIÓN FORO ENRIQUE PEINADOR PARA ACTUACIÓNS DE NORMALIZACIÓN E DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

En Santiago de Compostela

REUNIDOS

Don José Carlos López Campos, conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro e pola Lei 12/2007, do 27 de xullo, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, publicado no DOG núm. 73, do 14 de abril, e polo disposto no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, publicado no DOG núm. 81, do 24 de abril.

Don Xosé González Martínez, con DNI 35981473-C, presidente do Foro Enrique Peinador que actúa no seu nome e representación, con CIF G-27710219 e domicilio social en Doutor Canoa, 5, 6.º D, 36206 de Vigo, elixido por unanimidade na Asemblea Xeral celebrada o día 3 de setembro de 2008.

EXPOÑEN

1. Que de acordo co que dispoñen o Estatuto de autonomía para Galicia e Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, (DOG núm. 84, do 14 de xullo de 1983) a responsabilidade de levar a cabo as medidas necesarias para acadar a normalización plena da lingua galega correspóndelle ao Goberno galego, quen deberá garantir o seu uso como lingua cooficial e adoptar as medidas oportunas para o seu fomento.

2. Que as dúas entidades son conscientes de que as institucións e entidades galegas teñen que colaborar na execución do Plan xeral de normalización da lingua galega que aprobou, por unanimidade, o Pleno da Cámara do Parlamento de Galicia na súa sesión do día 21 de setembro de 2004, coa finalidade de divulgar e estender o uso do galego a todos os ámbitos da sociedade e tamén, favorecer a súa dinamización no tecido



económico para estender o seu uso nas relacións laborais, comerciais e empresariais co fin de incrementar produtos e servizos en galego en todos os ámbitos sociais e económicos.

3. Que no ámbito da Administración Autónoma de Galicia, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude é o departamento que ten atribuídas, entre outras, as competencias e funcións en materia de promoción e ensino da lingua galega e de dirección, planificación, coordinación e execución da política lingüística da Xunta de Galicia. Que para abranguer todos os eidos sociais debe procurar a colaboración, na medida do posible, con outras asociacións ou entidades que traballan a prol do galego dentro da comunidade autónoma.

4. Que para cumprir estes obxectivos é imprescindible implicar a todos os sectores sociais, asociacións, entidades e colectivos que constitúen o tecido cívico, económico e cultural de Galicia. Que o sector empresarial é un dos prioritarios no que se necesitan implantar unha serie de medidas para estender a presenza da lingua galega, así como para conseguir a súa proxección mediática en todas as relacións e ámbitos sociais.

5. Que dentro destes obxectivos se enmarcan as actividades que para promover e dignificar o galego promove o Foro Enrique Peinador que nace no ano 2006 por iniciativa da Fundación Premios da Crítica para lograr un maior vencello entre a actividade económica e a identidade galega. Deste xeito, un dos seus obxectivos prioritarios é difundir o emprego do galego dentro das empresas. O nome do foro recolle o dun empresario, Enrique Peinador, que foi pioneiro, a comezos do século XX en achegar o galeguismo ao sector empresarial.

6. Que o Foro ten entre os seus obxectivos prioritarios difundir o emprego do galego dentro das empresas levando a cabo actividades que resultan de grande interese para a promoción e dinamización da lingua galega. Que se trata dun proxecto único e cunhas actividades singularizadas que na actualidade só realiza o Foro Peinador polo que non resulta posible promover a concorrência pública para a súa realización.



7. Que a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e o Foro Enrique Peinador dende hai uns anos traballan conxuntamente a prol da normalización do galego no ámbito empresarial galego, e desexan continuar colaborando no desenvolvemento dun programa de actuacións en materia de dinamización lingüística.

Polo exposto, ambas as dúas entidades acordan asinar un convenio de colaboración para o ano 2025, que rexerá polas seguintes

ESTIPULACIÓNS

Primeira. Obxecto

Este convenio ten por obxecto establecer as bases polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a través da Secretaría Xeral da Lingua e o Foro Enrique Peinador para implantar e fomentar o uso do galego na actividade empresarial, e para facerlles chegar aos empresarios galegos a importancia e o compromiso de todos os galegos coa promoción e dignificación da nosa lingua.

As partes colaborarán na realización dun programa de actuacións co empresariado galego e con empresas destacadas no sector económico galego, coa finalidade de manter debates para expoñerlles medidas galeguizadoras.

Segunda. Obrigas do Foro Enrique Peinador

En cumprimento das obrigas derivadas da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística e do Plan xeral de normalización da lingua galega (DOG núm. 84, do 14 de Xullo de 1983), mediante a sinatura deste convenio, o Foro comprométese a desenvolver en lingua galega as seguintes accións:

- **Acción I. Mantemento das páxinas web do portal www.galeguizargalicia.gal** (Foro Enrique Peinador - Irmandade Galega de Agroalimentarios e Adegueiros (IRGADE) .



“Unha imaxe vale máis que mil palabras”, este dito tan utilizado ten toda a validez para o que se quere expresar. A inmediatez da imaxe é fundamental para sermos coñecidos. As ferramentas virtuais son imprescindibles para achegarmos dunha maneira rápida a milleiros de persoas. O que non se ve, non existe. As páxinas do **Foro Enrique Peinador** e da **IRGADE** recollen a información que a través dos anos levan realizado e difunden permanentemente o que se realiza.

- **Acción II. Consumo responsable. Campaña “En galego sabe mellor”**

Apóstase pola visualización de produtos etiquetados en galego. Unir calidade e identidade é algo que a sociedade valora positivamente pero tamén é unha mostra de valentía e de orgullo de país, unha mostra do orgullo de empresarios/as do sector agroalimentario que apostan polo uso do galego nas relacións empresa/consumidores, ofrecendo unha imaxe de proximidade que é aceptada pola cidadanía. Darlle voz a esas persoas que apostan pola lingua galega para poñer no mercado produtos con identidade galega é necesario para seguir creando unha rede de produtores/consumidores conscientes que aposten por produtos de calidade con etiqueta de identidade galega, unha marca país que os diferencia no mercado global. Nesta campaña realizaranse tres entrevistas a produtores/as agroalimentarios e tres anuncios sobre os seus produtos.

- **Acción III. Galeguidade empresarial**

Poñer o foco na galeguización do sector económico en Galicia é a fórmula imprescindible para promover unha revitalización da identidade galega en todos os ámbitos da sociedade. Con esa finalidade traballa o Foro Enrique Peinador poñendo en valor a empresas e empresarios que apostan pola utilización da lingua galega no eido empresarial. Celebrar actos de galeguidade empresarial é unha maneira de revalorizar e afianzar o uso do galego. Poñer exemplos de empresarios que se esforzaron por darlle a Galicia un lugar no mundo con



identidade galega é unha boa fórmula para achegarmos a un sector primordial da nosa economía fomentando o orgullo de pertenza a un pobo cunha cultura e unha lingua de seu.

- **Acción IV. Anuncio promovendo o consumo responsable no Día de Galicia – Día da patria galega**

No Día de Galicia/Día da patria galega invitarase aos consumidores e consumidoras a consumir en galego porque ao final eles son os que teñen a palabra. Se a cidadanía escolle produtos etiquetados en galego moito do traballo estaría feito. Por iso é necesario incidir nesa franxa social que sendo responsable coa alimentación e co consumo tamén o é coa lingua e cos sinais de identidade propios da nosa terra. Porque un produto pode ser de moitos sitios e para diferencialo no mercado global nada mellor que a lingua da súa orixe. Un plus de identidade que o consumidor consciente aprecia e valora.

Terceira. Modificación do convenio / redistribución de cantidades entre diferentes actividades

Se posteriormente á sinatura do convenio, e por circunstancias debidamente xustificadas, a entidade quere modificar ou cambiar algunha das accións contempladas no obxecto do convenio, esta modificación ou cambio instrumentarase mediante a correspondente addenda, agás naqueles casos nos que a modificación implique só unha redistribución das cantidades previstas estimativamente, de ser o caso, para cada unha delas segundo a desagregación prevista na memoria xustificativa e económica do convenio que figura no expediente de gasto sen que exista modificación orzamentaria respecto do importe total do convenio nin que implique, de ser o caso, unha redistribución orzamentaria entre diferentes capítulos de gasto.

Os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de



modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

As ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

Cuarta. Asesoramento lingüístico

A Secretaría Xeral da Lingua da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude comprométese a facilitarlle ao Foro Enrique Peinador, cando sexa preciso, o apoio e o asesoramento técnico en relación con aspectos lingüísticos e terminolóxicos relacionados coas actividades deste convenio.

Quinta. Financiamento

O custo total das actividades previstas neste convenio ascende a un total de **15.148,80 €**, importe que será sufragado coas seguintes achegas:

- A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude a través da Secretaría Xeral da Lingua, colaborará na realización das actividades obxecto deste convenio cunha cantidade de **15.000,00 €**, con cargo á partida orzamentaria 13.02.151A.640.6 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2025.
- O Foro Enrique Peinador achegará a cantidade restante de **148,80 €** para a realización das actividades previstas e encargarse de organizar, xestionar e executar todas as actividades incluídas neste convenio, así como facilitar o persoal, as infraestruturas e os medios de que dispón para a súa execución.

As ditas achegas financiarán exclusivamente o custo de realización das actividades obxecto deste convenio, sen que ningunha das partes convenientes obteña lucro ningún.

Ambas as dúas partes convenientes, compartirán a titularidade e uso dos estudos, publicacións e demais materiais que se realicen ao abeiro deste convenio.



O uso e a difusión sobre os ditos estudos, publicacións e demais materiais terá carácter gratuíto para as partes asinantes do convenio, logo do consentimento da outra parte.

Sexta. Xustificación e pagamento.

A documentación requirida na fase xustificativa presentarase telematicamente accedendo ao expediente na Carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante, <https://sede.xunta.gal/carpeta-do-cidadan>. Código de procedemento PR004A

Para percibir a cantidade que achega a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e que se especifica na estipulación anterior, o Foro presentará telematicamente, coa data límite do 15 de novembro 2025, da seguinte documentación:

- Certificación da execución das actividades do convenio, xunto coa que se achegará xustificación dos gastos que orixine a súa implantación. Esta xustificación realizarase mediante correspondentes facturas.
- Para o control das actividades que se prevén no convenio, entregarase un exemplar dos traballos que se publiquen.
- Un informe de resultados das actividades realizadas no marco do convenio e da súa incidencia na promoción da lingua.
- Ficha resumo de execución do convenio (anexo I que se acompaña co texto deste documento), cuberta pola entidade e na que se indicará, de ser o caso, o número de proxectos, accións ou actividades que se realicen ao abeiro deste, as localidades de execución ou realización, así como a porcentaxe de gasto en proxectos, accións ou actividades dirixidas ás franxas de idade infantís ou xuvenís. Tamén indicarán, se procede, o número aproximado de persoas destinatarias ou beneficiarias das accións coa súa correspondente desagregación porcentual por sexos.

De non alcanzarse o total do orzamento das actividades, a achega de ambas as dúas partes asinantes deste convenio, verase reducida na mesma proporción.



No suposto de que a entidade precise contar coa colaboración de medios alleos pola especificidade ou características técnicas das actividades que se desenvolvan ao abeiro do convenio e por iso, xustifique gastos de persoal, a suma destes gastos non poderán superar o 30% do importe total do convenio.

A entidade utilizará o galego en todas as comunicacións que estableza coa Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

Antes de proceder á sinatura deste convenio e para o pagamento deberá presentar:

- Un certificado de non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, expedido pola Consellería de Facenda.
- Un certificado de estar ao día das obrigas tributarias, expedido pola correspondente delegación ou axencia do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.
- Un certificado de atoparse ao corrente das obrigas sociais, expedido pola Tesourería da Seguridade Social.

A sinatura deste convenio comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia.

O Foro facilitará toda a información que lle sexa requirida pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

Sétima. Utilización da lingua galega

Todas as actividades que se realicen ao abeiro deste convenio deberanse levar a cabo de acordo co indicado nas vixentes normas ortográficas e morfolóxicas do idioma



galego, aprobadas pola Real Academia Galega no ano 2003 tal e como se establece na disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística (DOG núm. 84, do 14 de Xullo de 1983). Así mesmo, coidarase especialmente do respecto rigoroso da toponimia oficial nos termos previstos no artigo 10 da citada lei.

Será considerada causa específica de resolución deste convenio o incumprimento desta cláusula.

Oitava. Rexistro de Convenios. Transparencia e bo goberno

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso do interesado á administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG núm. 30, do 15 de febreiro de 2016), co artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (BOE núm. 295, do 10 de decembro de 2013) e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG núm. 149, do 3 de agosto de 2006).

Así mesmo, coa sinatura deste convenio as partes manifestan o seu consentimento para que os seus datos persoais que aparecen no mesmo e máis o resto das especificacións nel contidas poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

Novena. Difusión da colaboración das partes

Nas actuacións informativas e divulgativas e nas publicacións que se fagan relacionadas coas actividades deste convenio farase constar, nun lugar destacado, a colaboración das partes e utilizaranse, cando proceda, os anagramas de cada unha das entidades aprobados pola normativa de identidade corporativa.

Sexa cal for o medio de difusión, calquera das dúas partes comprométense a facer mención da outra parte e deste convenio.



Décima. Vixencia

Este convenio estará vixente dende a data da súa sinatura ata o 30 de novembro de 2025. Non obstante, este convenio poderá extinguirse por acordo mutuo e voluntario das partes, por desistencia dalgunha ou por denuncia do mesmo por incumprimento dos compromisos adquiridos, o que se comunicará de xeito fidedigno, previa audiencia da outra parte e con polo menos, un mes de antelación.

Décimo primeira. Comisión de Seguimento

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio crearase unha Comisión Paritaria de Seguimento constituída por dous representantes da Secretaría Xeral da Lingua, nomeados polo seu titular e dous representantes da Asociación Foro Enrique Peinador.

Esta comisión, que estará presidida por un dous representantes da Secretaría Xeral da Lingua, coordinará seu desenvolvemento e estará facultada para resolver cantas dúbidas xurdan na súa execución. Os acordos adoptados neste sentido serán inmediatamente executivos.

Décimo segunda. Causas de resolución

Este convenio resolverase:

- Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.

De se resolver o convenio a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude pode, se é o caso, esixir a devolución das cantidades achegadas.

Décimo terceira. Responsabilidade das actuacións

O asinamento deste convenio non implica relación contractual de ningún tipo entre as persoas que vaian desenvolver as actividades previstas e mais a Xunta de Galicia, de



tal xeito que a esta non se lle pode esixir responsabilidade ningunha nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

Décimo cuarta. Avaliación de resultados

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude a través da Secretaría Xeral da Lingua avaliará a realización das actividades contempladas na estipulación segunda do convenio e a súa incidencia efectiva na dinamización da lingua.

Décimo quinta. Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro de 2015), os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen unha persoa interesada que estea obrigada a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados e empregadas das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público. As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, a persoa interesada pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Décimo sexta. Protección de datos de carácter persoal e dereitos dixitais

As partes asinantes comprométense a cumprir, en todo momento, as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica que xustifica a lexitimidade do tratamento dos datos persoais e dos dereitos dixitais.



Na aplicación deste convenio respectaranse cantas esixencias establece o Regulamento UE 679/2016 xeral de protección de datos (DOUE núm. 119, do 4 de maio de 2016) e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (BOE núm. 294, do 6 de decembro de 2018), adoptando cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos persoais e dos dereitos dixitais e, a súa protección fronte a alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Serán de aplicación todos os dereitos e obrigas derivados da normativa aplicable en materia de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais.

Serán de aplicación todos os dereitos e obrigas derivados da normativa aplicable en materia de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais.

Décimo sétima. Administración dixital

As partes asinantes deste convenio respectarán cantas esixencias establece a Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia (DOG núm. 141, do 26 de xullo de 2019), que será aplicable ao sector público autonómico, integrado, de acordo co artigo 3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de Galicia, pola Administración xeral e polas entidades instrumentais e, tamén, será aplicable á cidadanía que ten o deber de utilizar os servizos públicos dixitais que se poñan a súa disposición de xeito adecuado, co respecto das normas de uso, xerais ou específicas, que se establezan para cada un dos servizos e, en particular, os cidadáns e as cidadás deberán utilizar os sistemas de identificación e de sinatura electrónicas de que sexan lexítimos titulares, usar a información dispoñible conforme a política de privacidade publicada e respectar a normativa en materia de protección de datos de carácter persoal (artigos 2 a) e b) e 7 apartados 1 e 2 respectivamente da citada lei).

Décimo oitava. Normativa aplicable e xurisdición



Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas estipulacións, e quedará suxeito ao disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público. (BOE núm. 236, do 2 de outubro de 2015.)

Aínda que é un dos excluídos do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (BOE núm. 272, do 9 de novembro de 2017) segundo específica o seu artigo 6, ao non previsto e de acordo co artigo 4 da citada lei aplicaráselle os principios recollidos nela, co fin de resolver dúbidas e omisións que puidesen presentarse. Así mesmo, supletoriamente terase en conta o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, pola que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e demais normativa vixente na materia. (DOG núm. 214, do 05 de novembro de 1999)

A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir da aplicación deste convenio.

Ao estaren as dúas partes conformes co pactado, asinan telematicamente este convenio.

O conselleiro de Cultura, Lingua e
Xuventude

José Carlos López Campos

O presidente da Asociación Foro Enrique
Peinador

Xosé González Martínez



ANEXO I
**ORZAMENTO DESAGREGADO DAS ACTIVIDADES DO CONVENIO POR ACCIÓNS E LIÑAS DE GASTO
CADRO DO IMPORTE TOTAL DO PROXECTO**

Liñas de acción/actividades do convenio	
1.ª actividade/acción, descrición: MANTEMENTO DAS PÁXINAS WEBS PORTAL www.galeguizargalicia.gal (FORO PEINADOR-IRMANDADE GALEGA DE AGROALIMENTARIOS E ADEGUEIROS (IRGADE))	
Desagregación das liñas de gasto	Importe
1.ª) Mantemento anual páxinas FORO PEINADOR e IRGADE	1.936,00 €
2.ª) Mantemento anual facebook, youtube: galeguizargalicia.tv 1º semestre/2025	726,00 €
3.ª) Administración de contidos e posicionamento galeguizargalicia.gal e galeguizargalicia.com 1º semestre/2025	1.838,80 €
TOTAL PARCIAL	4.500,80 €
2.ª actividade/acción, descrición: CONSUMO RESPONSABLE: CAMPAÑA EN GALEGO SABE MELLOR	
Desagregación das liñas de gasto	Importe
1.ª) Gravación 3 entrevistas a empresarios/as galegos de sectores agroalimentarios	3.993,00 €
2.ª) Realización de 3 spots publicitarios cos produtos dos produtores entrevistados	1.815,00 €
TOTAL PARCIAL	5.808,00 €
3.ª actividade/acción, descrición: GALEGUIDADE EMPRESARIAL	
Desagregación das liñas de gasto	Importe
1.ª) Servizos gravación/postproducción video e fotografía acto galeguidade empresarial	3.025,00 €
TOTAL PARCIAL	3.025,00 €
4.ª actividade/acción, descrición: ANUNCIO PROMOENDO CONSUMO RESPONSABLE NO DÍA DE GALICIA-DÍA DA PATRIA GALEGA	
Desagregación das liñas de gasto	Importe
1.ª) Realización de promocional consumo responsable para Día de Galicia	1.815,00 €
TOTAL PARCIAL	1.815,00 €
TOTAL	15.148,80 €

